

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de abril de 2022**

Ás 18.15 horas do día 20 de abril de 2022, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, no salón de sesións da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. Consuelo Vispo Seara

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asisten os deputados do Grupo Popular don Álvaro José Fernández López (substituído por dona Ana María Villarino Pardo) e don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona Consuelo Vispo Seara).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE MARZO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de marzo de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 16 de marzo de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE RECUADO DE MURO DE PECHE NA OU-0509 LUINTRA (OU-0508) - ESGOS (OU-536)", PP.QQ 10+278 - 10+372, NECESARIO PARA A REPOSICIÓN DE SERVIZOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA TRAMITADA POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA INTEGRAL NA OU-0509 LUINTRA - ESGOS, ENTRE OS PP.QQ 9+940 E 10+600, N.º 105/POS/2019 E N.º 105/POS/2021, NO TERMO MUNICIPAL DE ESGOS

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que hai aproximadamente un ano xa se trouxo o primeiro expediente de expropiación desta parcela, na que se contemplaba a demolición dos muros, pero agora, neste segundo proxecto trátase dunha expropiación duns metros, supón que por un tema de aliñación e unha ocupación temporal para repoñer os muros, xa que así obriga o informe de Patrimonio. Pregunta se o importe no que se valoraban os muros no primeiro expediente foron xa aboados aos expropiados.

O **presidente da comisión** explica que efectivamente agora se trata da solución definitiva do proxecto e que ven obrigado polo informe de Patrimonio. Sobre a primeira expropiación indica que preguntará na sección de expropiacións para coñecer o estado daquel expediente.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 22, parágrafo quinto, da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia* e no artigo 56, parágrafo

primeiro do Decreto 66/2016 de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, das obras de recuado de muro de peche na OU-0509 Luintra (OU-0508) - Esgos (OU-536)", pp.qq. 10+278 - 10+372, no termo municipal de Esgos, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante resolución (número 2020/9558) da Presidencia desta Deputación.

2.- Acordar definitivamente, ao abeiro do establecido no artigo 22, parágrafo quinto, da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e no artigo 56, parágrafo primeiro do Decreto 66/2016 de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras de recuado de muro de peche na OU-0509 Luintra (OU-0508) - Esgos (OU-536)", pp.qq. 10+278 - 10+372, no termo municipal de Esgos, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación para levar a cabo a reposición dos servizos afectados pola execución das obras de acondicionamento e mellora integral na OU-0509 Luintra - Esgos", entre os pp.qq. 9+940 e 10+600, n.º 105/POS/2019 e n.º 105/POS/2021, de acordo co previsto no artigo 56, parágrafo segundo do Decreto 66/2016 de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia e no artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

N.º PARCELA EXPTE	N.º POLÍGONO/ PARCELA CATASTRO	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	OCUPACIÓN DEFINITIVA (M²)	OCUPACION TEMPORAL (M²)
1	22/238	Rústico especial protección forestal e infraestruturas	HERDIEROS DE ABELARDO MOREIRAS LÓPEZ	11,40	308,56

3.- Notificarlles esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

Información:

.Sección de Patrimonio e Expropiacións da Deputación Provincial de Ourense, (rúa Progreso, n.º 32, Ourense 32003, 988 317535, expropiaciones@depourense.es)

.Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica da Deputación de Ourense (<https://sede.depourense.es>)

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA DECLARAR AS INSTALACIÓNS DA ANTIGA COOPERATIVA DE LEIRO COMO PATRIMONIO INDUSTRIAL DE GALICIA.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, explica o contido da moción. Engade que unha proposta similar foi aprobada xa no Concello de Leiro e que mañá xoves se reúne a xunta reitora da cooperativa para valorar esta proposta, polo que manifesta que no caso de que a propia cooperativa non a apoiase procederían a retirar esta iniciativa política antes do Pleno.

D. Armando Ojea Bouzo (DO), D. Bernardo Varela López (BNG) e D.ª Montserrat Laman Nóvoa (deputada non adscrita) manifestan que será moi importante coñecer a opinión da cooperativa sobre este asunto, polo que reservan o voto.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a iniciar os trámites, acordos ou negociacións necesarias para declarar as instalacións da antiga cooperativa de Leiro como patrimonio industrial ao abeiro da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello de Leiro a impulsar un proxecto de rehabilitación integral do edificio da antiga cooperativa de Leiro e a súa contorna, cun uso parcial para actividades culturais e educativas durante todo o ano, excepto durante a vendima.

3º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello de Leiro a acordar un proxecto de cooperación coa Facultade de Historia do Campus Universitario de Ourense, para documentar, entre os veciños e veciñas das distintas parroquias implicadas na creación desta adega, a súa historia cotiá mediante fotografías, testemuñas ou obxectos, que poidan ser

expostos nunha sala da edificación, ilustrando así as orixes da primeira cooperativa vitivinícola de Galicia.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, realiza dous rogos.

O primeiro sobre a recente publicación no BOE da nova Lei de residuos, que crea a figura do vixilante ambiental e que lles atribúe a súa competencia aos concellos. Sinala que a Deputación Provincial de Pontevedra está realizando un estudo para contratar 16 vixilantes que presten asistencia aos concellos, polo que roga que a Deputación Provincial de Ourense estude esta posibilidade.

O segundo rogo é relativo á posibilidade de que a Deputación adquira un camión triturador, xa que os puntos de almacenamento de maleza vexetal que existen nos concellos se están vendo desbordados e son moi difíciles de xestionar. Roga que a Deputación, a través dun destes camiós, se faga cargo de triturar e xestionar este tipo de residuos vexetais e máis agora que parece que a lei de residuos vai prohibir a queima por particulares .

O **presidente da comisión** di que toma nota destes rogos, lembra que a Xunta de Galicia fixo unha alegación a esta norma, no sentido de que pola orografía e condicións de Galicia se deben seguir permitindo as queimas de residuos vexetais, pero parece ser que non foi atendida.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, roga que o día 27 de abril pola tarde a Deputación manteña aberto o museo do Entroido Galego de Xinzo de Limia.

O **presidente da comisión** toma nota da petición.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que o 14 de decembro de 2020 se realizou unha petición para que se instalaran elementos de redución de velocidade na estrada OU-0108, no núcleo de Vilaboa, Concello de Allariz, e que ao día de hoxe non ten constancia de que a Deputación resolverse o dito problema.

O **presidente da comisión** toma nota do rogo e interesárase polo estado desta petición.

E ás 18.45 dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

